

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O DÍA 9 DE SETEMBRO DE 2010,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Decreto polo que se aproba o escudo do Concello de Carnota.
- Decreto polo que se aproba a bandeira do Concello de Carnota.
- Decreto polo que se aproba a bandeira do Concello de Nogueira de Ramuín.
- Decreto polo que se aproba o escudo do Concello de Ourol.
- Decreto polo que se aproba a bandeira do Concello de Ourol.

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Decreto polo que se dispón o cesamento de Ethel Vázquez Mourelle como presidenta de Augas de Galicia e da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos.
- Decreto polo se nomea a Francisco Menéndez Iglesias como presidente de Augas de Galicia e da Empresa Pública de Servizos Hidráulicos.
- Decreto polo que se dispón o cesamento de Isabel Vila Barbosa como directora xeral de Infraestruturas.
- Decreto polo se nomea a Ethel Vázquez Mourelle como directora xeral de Infraestruturas.
- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción da ampliación da ponte sobre o río Grande na AC-552 (Clave: AC/08/141.06).

## **ACORDOS**

### **CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Acordo polo que se autoriza o expediente de gasto derivado da contratación para a subministración de renovación e actualización de licenzas para os distintos departamentos da Xunta de Galicia, por un importe de catro millóns setecentos corenta e catro mil oitocentos setenta e sete euros con setenta e dous céntimos (4.744.877,72 €).

### **CONSELLERÍA DE FACENDA**

- Acordo polo que se exerce o dereito de adquisición preferente das accións que se van transmitir da sociedade "Regasificadora del Noroeste S.A."

### **CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Acordo polo que se autoriza o texto do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia e os concellos da Coruña, Arteixo, Abegondo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carral, Culleredo, Oleiros e Sada, para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na área da Coruña por importe de dezanove millóns seiscentos trinta e sete mil douscentos catorce euros (19.637.214,00 euros), e os gastos plurianuais derivados do previsto no referido convenio.

### **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**

- Acordo polo que se aproba definitivamente o proxecto denominado "LAT 132 kv ST Larouco-Apoio 46 LAT ST. Xinzo - ST. Verín" (concellos de Xinzo de Limia e Cualedro (Ourense)), como proxecto sectorial de incidencia supramunicipal de acordo co previsto na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia

### **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Acordo polo que se autoriza a aceptación da cesión dunha parcela de 1230 m<sup>2</sup>, feita a título gratuíto polo Concello de Ourense a favor do Servizo Galego de Saúde, con destino á construción dun centro de saúde.

### **CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR**

- Acordo polo que se autoriza establecer un anticipo superior ao 10% no momento da concesión na orde pola que se aproba a convocatoria para a concesión de subvencións públicas destinadas á realización de accións de apoio e de

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

acompañamento á formación, de ámbito autonómico, correspondentes ao exercicio do ano 2010, en aplicación da Orde TIN/2805/2008, do 26 de setembro, pola que se desenvolve o Real decreto 395/2008, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego, en materia de accións de apoio e acompañamento á formación e se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas destinadas ao seu financiamento e polo que se autoriza a adquisición de compromisos de gasto de carácter plurianual, por un importe de tres millóns douscentos trinta e seis mil trescentos noventa e oito euros con cincuenta e sete céntimos (3.236.398,57€).

**CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para a sinatura de convenios de cooperación para a realización de obras de infraestrutura rural incluídos no programa piloto ao amparo da Lei 45/2007, do 13 de decembro, para o desenvolvemento sustentable do medio rural con diversos concellos (Arzúa – Silleda), por un importe total de cinco millóns novecentos vinte mil novecentos noventa e dous euros con setenta e un céntimos (5.920.992,71€).
- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado coa Federación Frisona Galega (FEFRIGA) e as asociacións provinciais de control leiteiro (AFRICOR) da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra para a realización de probas para determinar a calidade xenética do gando vacún leiteiro no desenvolvemento do Programa galego de selección e mellora da raza frisona, ampliando a dotación orzamentaria, por importe de catrocentos noventa e oito mil seiscentos oitenta e cinco euros (498.685,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para a sinatura dun convenio de colaboración coa Asociación de Criadores de Cabalo de Pura Raza Galega (PURAGA), para desenvolver un proxecto piloto de cría, tipificación e testaxe de poldros de raza equina cabalo de pura raza galega, por un importe máximo global de cento corenta e oito mil euros (148.000,00 €).

**INFORMES****CONSELLERÍA DE FACENDA**

- Informe sobre o sistema electrónico de facturación.

**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**

- Informe sobre o Programa Revive Costa da Morte.

### **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Informe sobre evolución do gasto farmacéutico.

### **CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO**

- Informe sobre a enquisa de ocupación de establecementos de aloxamento regrado (INE xullo 2010 e resumo de xaneiro a xullo de 2010).

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta**O CONSELLO APROBA OS ESCUDOS E BANDEIRAS OFICIAIS DE CARNOTA, OUROL E A BANDEIRA DO CONCELLO DE NOGUEIRA DE RAMUÍN**

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe aos decretos polos que se establecen as conformacións oficiais das bandeiras e escudos dos concellos de Carnota, Oourol e a bandeira de Nogueira de Ramuín.

Deste xeito, o escudo de Carnota (A Coruña) ten en campo de prata e azul, un monte de sinople resaltado de dúas torres de prata mazonadas, superado dunha estrela de ouro de seis puntas; bordura de ouro cargada coa lenda Moi Humanitario, de gules. O timbre é unha coroa real pechada. A bandeira do concello queda do seguinte xeito: no pano azul unha banda ondeada de branco da parte alta ata a baixa da batente, acompañada dunha estrela de seis puntas de amarelo no oco da batente e de dúas torres de prata na da hasta.

Pola súa banda, o escudo do concello de Oourol (Lugo), queda organizado do seguinte xeito: de sinople, banda de ouro, acompañada dun vichelocrego ou gaimarelo en cada oco; bordura de prata cargada con oito piñeiros ao natural. Ao timbre coroa real pechada. A bandeira deste concello queda en pano verde unha banda de amarelo acompañada dun vichelocrego ou gaimarelo de amarelo e ás de crego en cada oco. As aves coñecidas en Galicia como vichelocrego e gaimarelo simbolizan o topónimo de Oourol.

A bandeira do concello de Nogueira de Ramuín (Ourense) queda en pano verde e azul dividido en vertical por un filete en branco; o pano de verde da hasta cunha roda de afiador e paraugreiro, e no azul da batente con nove mitras de amarelo cargadas de candasúa cruz enarborada de vermello.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta**ETHEL VÁZQUEZ, ATA HOXE PRESIDENTA DE AUGAS DE GALICIA, FOI NOMEADA POLO CONSELLO NOVA DIRECTORA XERAL DE INFRAESTRUTURAS**

- *Isabel Vila Barbosa, que viña exercendo dito cargo ata o día de hoxe, cesou a pedimento propio por motivos persoais*
- *O Consello tamén nomeou a Francisco Menéndez Iglesias novo presidente de Augas de Galicia e da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (EPOSH)*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o decreto polo que se dispón o nomeamento de Ethel Vázquez Mourelle como nova directora xeral de Infraestruturas, logo do cesamento, acordado na mesma reunión de Goberno, de Isabel Vila Barbosa, que viña exercendo o dito cargo ata o día de hoxe. O cesamento de Isabel Vila prodúcese a pedimento propio, por motivos persoais.

O Consello tamén nomeou a Francisco Menéndez Iglesias novo presidente de Augas de Galicia e da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (EPOSH), cargos que viña ocupando ata o de agora a que desde hoxe é nova directora xeral de Infraestruturas.

**Ethel Vázquez**

Ethel Vázquez Mourelle é enxeñeira de Camiños, Canais e Portos pola Universidade da Coruña. Desde o mes de maio de 2009, co novo Goberno da Xunta, viña exercendo o cargo de presidenta de Augas de Galicia e da EPOSH, período en que se elaborou o proxecto da nova Lei de augas, actualmente en fase parlamentaria, se puxeron en marcha os plans de saneamento específicos para as rías do Burgo e Arousa, se rematou o borrador do Plan Hidrolóxico Galicia-Costa, actualmente en información pública, e se elaborou o novo Plan de Infraestruturas Hidráulicas de Galicia.

A traxectoria profesional de Vázquez Mourelle estivo relacionada con Augas de Galicia desde o ano 2003, e a partir de 2005 foi nomeada xefa da área técnica da EPOSH. Entre 1996 e ata o seu paso á Administración autonómica traballou en diversas consultoras de enxeñaría de Galicia.

**Francisco Menéndez**

O novo presidente de Augas de Galicia é tamén enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos pola Universidade da Coruña. Incorporouse no ano 2006 a Augas de Galicia, pasando a ser xefe de sección da EPOSH desde abril de 2007 ata a actualidade, posto desde o que dirixiu obras hidráulicas como as edares de Muros, Baiona e Camariñas. Previamente, na universidade traballou no Grupo de Costas e Portos, no cal foi colaborador e responsable de diversos traballos, especialmente o estudo do porto de Bares e o seu contorno ou o sistema de previsión de variables oceanográficas nas rías galegas.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta**MEDIO AMBIENTE AMPLÍA A PONTE SOBRE O RÍO GRANDE NA ESTRADA A CORUÑA-CEE (AC-552), EN BAIO, POR UN VALOR DE MÁIS DE 553.000 EUROS**

- *O obxecto destas obras é acadar unha plataforma de 13,40 m que poida acoller dous carrís de 3,50 m, dúas beiravías interiores de 1 m e dúas beirarrúas de 2,20 m*
- *A ampliación mellora a circulación na estrada, así como a seguridade tanto dos vehículos como dos peóns, cumprindo co establecido pola Lei de accesibilidade*
- *O presente proxecto, cuxo prazo de execución establecido é dun ano, beneficia unha poboación total de 18.574 habitantes dos concellos de Zas, Vimianzo e Cabana de Bergantiños*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o decreto polo que se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de ampliación da ponte sobre o río Grande, na estrada que une A Coruña e Cee (AC-552), concretamente en Baio (pq 58 + 400).

A Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral de Infraestruturas, realiza unha achega económica de máis de 553.000 euros para levar a cabo a presente actuación.

O obxecto destas obras é ampliar a dita ponte ata acadar unha plataforma de 13,40 metros que poida acoller dous carrís de 3,50 metros, dúas beiravías interiores de 1 metro e dúas beirarrúas de 2,20 metros. Deste xeito, mellórase a circulación na estrada, así como a seguridade tanto dos vehículos como dos peóns, cumprindo co establecido pola Lei de accesibilidade. Cabe sinalar que a estrada se encadra dentro da Rede Primaria Complementaria da Xunta de Galicia.

**Unidades de obra**

En canto ás unidades principais de obra, cabe destacar a escavación, demolición e levantamento de beirarrúas ou estendido de mestura bituminosa. Tamén se realizarán regas de adherencia e imprimición, drenaxe lonxitudinal e transversal e sinalización horizontal e vertical.

O departamento que dirixe Agustín Hernández, mediante a colaboración técnica e financeira neste tipo de actuacións, pretende resolver problemas en infraestruturas necesarias para o desenvolvemento dos municipios galegos.

O presente proxecto, cuxo prazo de execución establecido é dun ano, beneficia unha poboación total de 18.574 habitantes dos concellos de Zas, Vimianzo e Cabana de Bergantiños.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta





## **A XUNTA AFORRARÁ UN 37% NO PAGAMENTO DE LICENZAS A MICROSOFT AO UNIFICAR OS CONTRATOS DE TODOS OS DEPARTAMENTOS AUTONÓMICOS**

- *Esta medida permite obter mellores condicións de compra e potenciar o uso de ferramentas ofimáticas de software libre*
- *O novo modelo contractual permitirá reducir un 18% os prezos fronte á situación anterior en que cada consellería realizaba os concursos por separado*
- *Esta reformulación permite un aforro importante inherente ao plan de austeridade que está a aplicar o Goberno galego*

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe o expediente de gasto correspondente á contratación para a subministración de renovación e actualización de licenzas de Microsoft para os distintos departamentos da Xunta de Galicia por un importe de 4.744.877,72 euros para o período 2010-2013.

Deste xeito, o Goberno galego, a través da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica, unificará os contratos con Microsoft, aforrando un 37% no pagamento de licenzas a esta empresa ao diminuír o número de licenzas de Microsoft Office contratadas. Ademais, o novo modelo contractual permitirá reducir un 18% os prezos fronte á situación anterior en que cada consellería realizaba os concursos por separado.

A adopción destas medidas mellora substancialmente a situación contractual herdada con Microsoft reducindo significativamente os custos. O importe que paga actualmente a Xunta por 3 anos de licenzas de Microsoft elévase a 10,5 millóns de euros dividido en múltiples contratos. Co novo contrato o Goberno galego aboará 4,7 millóns de euros entre 2010 e 2013. Durante este período os distintos departamentos autonómicos asumirán as novas condicións contractuais a medida que conclúan os acordos aínda vixentes con Microsoft.

### **Software libre**

A agrupación dos distintos contratos de licenzas Microsoft existentes actualmente na Xunta de Galicia permiten dar maior transparencia á contratación destas licenzas por parte das consellerías e outros organismos dependentes da Xunta de Galicia e obter mellores condicións de compra por volume de negociación e potenciar o uso de ferramentas ofimáticas de software libre, reducindo o número de licenzas de Microsoft Office.

Esta é unha das liñas de actuación que desenvolve o Plan de Acción 2010 en materia de software libre e de fontes abertas (FLOSS), da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica dotado con 800.000 euros para este ano. O departamento autonómico puxo en marcha esta medida tras constatar a necesidade de unir esforzos aproveitando mellor os fondos públicos destinados á promoción do software libre e de

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

fontes abertas para acadar un maior uso destas aplicacións na Administración, na cidadanía e nas empresas galegas. Con este obxectivo o plan recolle 21 accións que desenvolverá a propia Administración autonómica e outras 60 en colaboración coas asociacións de usuarios e empresas de software libre e as tres universidades

## O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O EXERCICIO DE ADQUISICIÓN PREFERENTE DE ACCIÓNS PARA MANTER A GALEGUIDADE DO CAPITAL EN REGANOSA

- *Manter a galeguidade do capital de Reganosa garante o desenvolvemento gasístico de Galicia, a calidade de vida dos cidadáns e a competitividade do tecido produtivo*
- *A Xunta considera fundamental manter a galeguidade do capital en Reganosa para poder garantir o desenvolvemento desta enerxía limpa e eficiente en condicións competitivas no territorio galego*
- *Unha maioría de capital constituída por investidores galegos e a Xunta de Galicia permite ademais acadar os obxectivos fixados na planificación enerxética do Goberno autonómico, e garante tamén o desenvolvemento de infraestruturas gasísticas prioritarias para o desenvolvemento económico, social e ambiental de Galicia*

O Consello da Xunta acordou hoxe autorizar o exercicio do dereito de adquisición preferente de accións en Reganosa por parte da Administración autonómica para garantir a galeguidade do capital da regasificadora de Mugar dos e garantir a defensa dos intereses enerxéticos de Galicia incrementando o benestar dos cidadáns e aumentando o desenvolvemento do seu tecido produtivo.

O visto e prace do Consello da Xunta baséase na importancia estratéxica que a actividade de Reganosa ten para o desenvolvemento gasístico de Galicia, xa que a planta pretende atender non só as necesidades locais, senón estar integrada plenamente no sistema peninsular, abastecendo ao noroeste peninsular, incluído Portugal, ademais de achegar capacidade de almacenamento ao sistema para enfrontar posibles picos de demanda.

A Xunta considera fundamental manter a galeguidade do capital en Reganosa para poder garantir o desenvolvemento desta enerxía limpa e eficiente en condicións competitivas no territorio galego, co obxectivo de que no ano 2015 o 75% da poboación de Galicia teña acceso ao gas cos conseguintes beneficios para os cidadáns e para o tecido produtivo galego.

Unha maioría de capital constituída por investidores galegos e a Xunta de Galicia permite ademais acadar os obxectivos fixados na planificación enerxética do Goberno autonómico, entre os que cómpre salientar, sobre todo, a mellora da competitividade do noso tecido produtivo e a calidade de vida da cidadanía, e garantir o desenvolvemento de infraestruturas gasísticas prioritarias para o desenvolvemento económico, social e ambiental de Galicia.

Ademais, o documento sinala que esta fonte enerxética coincide cos obxectivos prioritarios da Xunta de preservación do medio natural e garante a seguridade do abastecemento, posto que é o máis limpo dos combustibles fósiles, ten uns prezos máis estables que o petróleo e as súas reservas mundiais son superiores.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta**A XUNTA APROBA O CONVENIO PARA A IMPLANTACIÓN DO NOVO TRANSPORTE METROPOLITANO DA CORUÑA, QUE INCLÚE O ABARATAMENTO DO BILLETE, OS TRASBORDOS GRATUÍTOS E A TARXETA ÚNICA METROPOLITANA**

- *As melloras están recollidas na Lei de medidas urxentes para a modernización do transporte público*
- *Os concellos adscritos neste convenio definitivo son: A Coruña, Arteixo, Abegondo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carral, Culleredo, Oleiros e Sada*
- *Estímase que, coas medidas implantadas, se incrementará un 20% o uso do transporte público, permitindo retirar 7.000 vehículos diarios das rúas da cidade da Coruña e o seu contorno*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe a autorización do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e os concellos da área de transporte metropolitano da Coruña para a implantación do novo Plan de Transporte Metropolitano da Coruña (PTM). Medio Ambiente, a través da Dirección Xeral de Mobilidade. O novo plan prevé un investimento na área coruñesa por parte das administracións públicas (Xunta e concellos), dos cales o 80% serán achegados pola Xunta de Galicia.

Na reunión da Comisión de Seguimento, do pasado 1 de marzo de 2010, consensuouse entre a Xunta e os 10 concellos o texto do convenio, que xa foi tramitado e aprobado por todas e cada unha das administracións locais.

A implantación do novo plan incorpora os concellos da Coruña, Arteixo, Abegondo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carral, Culleredo, Oleiros e Sada creando unha área metropolitana beneficiada que suma máis de 400.000 galegas e galegos que permitirá coa súa posta en marcha implantar progresivamente 18 novas rutas; das cales 9 serán de interese municipal e as outras 9 de interese metropolitano.

As melloras están recollidas na Lei de medidas urxentes para a modernización do transporte público. No novo plan deberán incorporarse todos os operadores que traballan na área metropolitana.

Estímase que, coas medidas implantadas, se incrementará un 20% o uso do transporte público, permitindo retirar 7.000 vehículos diarios das rúas da cidade da Coruña e o seu contorno.

**Sistema tarifario**

Coa implantación do novo Plan de Transporte Metropolitano porase en marcha un novidoso sistema tarifario. No sistema actual, a tarifa é en función da distancia, de tal xeito que canto máis longa é a viaxe, máis caro é o billete. No novo sistema, o territorio divídese en varias zonas tarifarias. Cada zona tarifaria estará constituída por un ou

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

varios concellos, de tal forma que os veciños dun mesmo concello terán as mesmas tarifas para os seus desprazamentos. O procedemento para o cálculo da tarifa é moi simple e baséase no número de zonas que se atravesan nun desprazamento.

Sinalar que outra das principais vantaxes do novo sistema é a interacción das redes urbanas e interurbanas o que permite facer transbordos gratuítos entre redes cun importante aforro para as persoas usuarias.

Polo tanto, a tarxeta metropolitana de Galicia (TMG) permitirá abaratar o custo de cada viaxe dunha forma moi substancial nun contexto de crise. O novo Plan de Transporte Metropolitano da Coruña permitirá utilizar a tarxeta de transporte urbano no transporte metropolitano, tendo a mesma validez que a TMG. Ademais disto, nun futuro próximo, implementárase a tarxeta metropolitana social de Galicia (TMSG) que fixará un desconto adicional a maiores establecendo perfís e niveis de descontos idénticos a todos os concellos da área metropolitana.

## **O CONSELLO DA XUNTA APROBA A 'LAT 132 KV ST LAROUCO-APOIO 46 LAT ST XINZO-ST VERÍN' COMO PROXECTO DE INCIDENCIA SUPRAMUNICIPAL**

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe de xeito definitivo o proxecto de liña de alta tensión denominado 'LAT 132 kv St Larouco-Apoio 46 LAT ST Xinzo- ST Verín' como proxecto de incidencia supramunicipal, polo que os planeamentos dos concellos de Xinzo da Limia e Cualedro, na provincia de Ourense, quedan vinculados ás determinacións contidas no proxecto sectorial aprobado logo que o proxecto conte cos todos os pronunciamentos favorables, incluídos os ambientais.

Este proxecto permitirá a inxección no sistema eléctrico da enerxía limpa xerada polo parque eólico Larouco, e enmárcase dentro da aposta estratéxica da Xunta de Galicia de aproveitamento dos recursos autóctonos mediante a implantación das enerxías renovables, co fin de facer de Galicia unha comunidade líder no aproveitamento das enerxías limpas. De xeito que, para cumprir o devandito obxectivo, o Goberno galego márcase como reto chegar ao ano 2015 producindo con fontes renovables máis do 95% do consumo de electricidade

Os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal teñen por obxecto regular a implantación territorial de infraestruturas, dotacións e instalacións de interese público ou utilidade social cando a súa incidencia transcenda do termo municipal en que se localicen, pola súa magnitude, importancia ou especiais características, ou se asenten sobre varios termos municipais. Isto garantirá a axeitada inserción no territorio das infraestruturas, dotacións e instalacións que constitúen o seu obxecto, a súa conexión coas redes e servizos existentes, a súa adaptación ao contorno en que se atopen e a súa articulación coas determinacións do planeamento urbanístico e territorial vixente.



**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta**O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE INVESTIRÁ ARREDOR DE 2,2 MILLÓNS DE EUROS PARA CONSTRUIR O CENTRO DE SAÚDE DO VINTEÚN, NO CONCELLO DE OURENSE**

O Consello da Xunta de Galicia, reunido no día de hoxe baixo a presidencia de Alberto Núñez Feijóo, aprobou un proxecto de acordo polo que se autoriza a cesión dunha parcela de 1.230 metros cadrados, feita a título gratuito polo Concello de Ourense, a favor do Servizo Galego de Saúde.

A parcela, en que o departamento que dirixe Pilar Farjas Abadía investirá unha cantidade de arredor de 2,2 millóns de euros para a construción dun centro de saúde, está inscrita no Rexistro da Propiedade número 2 de Ourense, no tomo 1.838, libro 464, folio 192, finca 32.618.

No plan funcional do centro figuran oito consultas de medicina xeral, oito de enfermaría, unha para a matrona, unha sala de educación maternal, unha sala de toma de mostras, unha sala de cirurxía menor, unha sala polivalente, unha consulta de urxencias, e, ademais, unha sala para atención á muller, entre outras dependencias. Tamén disporá dunha consulta de pediatría, e outra de enfermaría de pediatría.

Polo que atinxe á zona de administración, o centro disporá de área de admisión, arquivo de historias clínicas, almacén, sala de xuntas e biblioteca, aula de educación sanitaria, etc.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta**TRABALLO DESTINA 3,2 MILLÓNS DE EUROS A ACCIÓNS DE APOIO E DE INVESTIGACIÓN EN FORMACIÓN PARA O EMPREGO**

- *O Consello da Xunta deu hoxe luz verde a esta convocatoria de subvencións, dirixida a empresas e entidades ou organizacións sen ánimo de lucro*
- *O seu obxectivo é mellorar a calidade das accións formativas e levar a formación para o emprego ata ámbitos en que non está plenamente introducida*

A Consellería de Traballo e Benestar destina un total de 3,2 millóns de euros para subvencionar accións de apoio e acompañamento á formación. En xeral, trátase de levar a cabo investigacións e prospeccións do mercado de traballo para anticiparse aos cambios nos sistemas produtivos, así como analizar a repercusión da formación para o emprego ou elaborar ferramentas innovadoras con respecto a esta formación.

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde a esta convocatoria de subvencións, que vai dirixida a empresas e entidades ou organizacións sen ánimo de lucro. O seu obxectivo xeral é mellorar a calidade das accións formativas e levar a formación para o emprego ata ámbitos en que non está plenamente introducida. En total, a previsión é realizar preto de 35 actuacións.

En concreto, a orde financia dos tipos de accións. O primeiro tipo de accións son aquelas de prospeccións e análise. A súa finalidade é afondar nas necesidades específicas de formación nos distintos sectores económicos ou ámbitos territoriais, co fin de anticiparse aos cambios nas cualificacións profesionais e adaptar os módulos formativos de acordo co que se estableza na normativa reguladora dos certificados de profesionalidade.

A segunda clase de accións subvencionadas son aquelas destinadas a elaborar e experimentar con produtos, técnicas ou ferramentas de carácter innovador e que sexan de interese para a formación para o emprego.

## **O CONSELLO AUTORIZA A MEDIO RURAL A SINATURA DE CONVENIOS DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS EN MATERIA DE INFRAESTRUTURAS**

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a Consellería do Medio Rural para a sinatura de convenios de cooperación para a realización de obras de infraestrutura rural incluídos no programa piloto para o desenvolvemento sustentable do medio rural con diversos concellos por un total de 5.920.992,71 euros.

O obxecto destes convenios é a mellora da calidade das zonas rurais, desenvolvendo as dotacións de equipamentos públicos básicos e de infraestruturas no medio rural co obxectivo de dignificar e mellorar a calidade de vida da poboación que reside nestas zonas e contribuíndo á súa estabilización e á realización de proxectos singulares que, pola súa natureza, entren dentro da competencia desta consellería.

Co fin de orientar as actuacións ao cumprimento dos obxectivos xerais e específicos, Medio Rural determinou os investimentos que se van realizar en distintos concellos de Galicia a través dun plan piloto que se desenvolverá de acordo cuns criterios básicos, entre os que se atopan os eixos principais da sustentabilidade: criterios ambiental, social e económico.

Este plan piloto está integrado na Lei 45/2007 para o desenvolvemento rural sustentable do medio rural que ten por obxectivo establecer medidas para favorecer o seu desenvolvemento. As actuacións que se van executar están relacionadas con mellora dos accesos a explotacións de vacún e/ou as de viñado adscrito a diferentes denominacións de orixe. Os programas de actuación fórmulanse e execútanse segundo criterios de cooperación e colaboración entre as administracións e, en particular, mediante convenios de colaboración entre Administración xeral do Estado coas comunidades autónomas.

Con carácter previo, establécense experiencias piloto que poidan servir de referencia para unha aplicación ulterior. Coa realización destas experiencias poden obterse conclusións directamente aplicables á totalidade das fases de elaboración, desenvolvemento, execución, seguimento e avaliación do Programa de desenvolvemento rural sustentable (PDRS), así como dos plans de zona rural.

### **Convenio de colaboración**

O convenio de colaboración entre o Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño e a Consellería do Medio Rural asinouse o 9 de decembro de 2009. Ten unha dotación orzamentaria de 17 millóns de euros, en que o MARM achega 8,5 millóns de euros e a Xunta de Galicia achega outros 8,5 millóns de euros (0,5 millóns de euros no ano 2009 e 8 millóns de euros no ano 2010).

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta**A XUNTA INCREMENTA EN 498.000 EUROS O IMPORTE INICIAL DO CONVENIO ENTRE MEDIO RURAL, FEFRIGA E AFRICOR PARA A MELLORA DA RAZA FRISONA**

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dunha terceira addenda, que ascende ata os 498.685 euros, destinados aos traballos de control de rendemento leiteiro que realizarán as asociacións provinciais de control leiteiro (Africor) da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra*
- *A contía ascende, no caso de Africor, ata 1.124.160 euros, mentres que Fefriga dispón de 700.000 euros*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a Consellería do Medio Rural para a sinatura dunha terceira addenda ao convenio de colaboración asinado o pasado 8 de xaneiro de 2010 coa Federación Frisona Galega (Fefriga) e as asociacións provinciais de control leiteiro (Africor) da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra para a realización de probas para determinar a calidade xenética do gando vacún leiteiro, no desenvolvemento do Programa galego de selección e mellora da raza frisona.

O importe total desta addenda ascende ata os 498.685 euros destinados, nesta ocasión, aos traballos de control de rendemento leiteiro que realizarán as asociacións provinciais de control leiteiro (Africor) da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra.

Mellórase, así, o obxectivo inicial do convenio, que buscaba regular as condicións de cooperación entre Medio Rural, Fefriga e as asociacións de control leiteiro na tarefa de determinar e mellorar a calidade xenética do gando vacún frisón de Galicia, tendo en conta que a produción láctea galega está baseada na explotación de femias da raza bovina frisona e que todos os criadores desta raza na nosa Comunidade Autónoma son socios de Fefriga e teñen os seus animais inscritos no libro xenealóxico que xestiona esta federación.

O convenio de colaboración asinouse por un importe de 700.000,00 euros, e reforzouse con posterioridade cunha primeira addenda da mesma contía e unha segunda para a realización de probas para determinar a calidade xenética do vacún leiteiro no desenvolvemento do Programa galego de selección e mellora da raza frisona, pola cal as entidades conveniadas quedaban eximidas de constituír garantías para efectuar os pagamentos parciais.

**Preto de 2 millóns**

Esta terceira addenda de 498.685 euros permite elevar a axuda total para Africor ata 1.124.160 euros, xa que o dito importe se suma á cantidade inicial prevista no convenio (350.000 euros) e á da primeira addenda (275.475 euros).

Pola súa banda, a axuda para a Federación Frisona Galega (Fefriga) elevouse ata os 700.000 euros, distribuídos a partes iguais entre o convenio e a primeira addenda.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

Fefriga representa e defende os intereses dos gandeiros galegos, xestiona o libro xenealóxico da raza frisona en Galicia e participa activamente no desenvolvemento do programa galego de transferencia embrionaria e na selección de femias de elite doadoras de embrións. Mentres, as asociacións de control leiteiro (Africores) encárganse de planificar e desenvolver as actuacións de control leiteiro oficial.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta**O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A SINATURA DUN CONVENIO ENTRE MEDIO RURAL E A ASOCIACIÓN DE CRIADORES DE CABALO DE PURA RAZA GALEGA**

- *A colaboración consistirá no desenvolvemento dun proxecto piloto de cría, tipificación e testaxe de poldros de pura raza galega*
- *O convenio conta cun orzamento de 148.000 euros e unha duración de catro anos, a razón de 37.000 euros anuais*

O Consello aprobou hoxe un proxecto de acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para a sinatura dun convenio de colaboración coa Asociación de Criadores de Cabalo de Pura Raza Galega (PURAGA), para desenvolver un proxecto piloto de cría, tipificación e testaxe de poldros de pura raza galega.

O presente convenio, incluído no marco do Programa de conservación e recuperación dos recursos zooloxénicos de Galicia, asínase cunha duración de catro anos, por un importe máximo global de 148.000 euros, a razón de 37.000 euros anuais, cofinanciado polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER).

**Obxectivos**

O obxecto deste acordo é regular as condicións da colaboración entre PURAGA e a Consellería do Medio Rural para a execución de determinadas accións previstas no programa de recuperación, conservación e fomento da raza cabalo pura raza galega (PRG).

Medio Rural asume as obrigas de dedicar as instalacións precisas do Centro de Referencia de Razas Equinas Autóctonas de Galicia (CREAG) para levar a cabo o proxecto, ademais de realizar o manexo básico dos animais participantes e tomar as decisións técnicas en materia de bioseguridade, benestar e alimentación animal.



**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta**A XUNTA REBAIXA EN 35 DÍAS O TOPE LEGAL DE PAGAMENTO A  
PROVEDORES E ANTICÍPASE TRES ANOS Á NORMATIVA EUROPEA**

- *A Administración autonómica rematou agosto cunha media de pagamento de 25 días*
- *Máis de 900 empresas utilizan xa este Sistema de Facturación Electrónica*
- *O IGAPE incorpórase a este sistema en agosto e o resto de organismos autónomos farano de xeito gradual*

A Xunta de Galicia conseguiu rebaixar en 35 días o tempo de pagamento fixado por lei, na actualidade en 60 días. Grazas á implantación do Sistema Electrónico de Facturación (SEF) rematou agosto cunha media de 25,4 días para afrontar o pagamento aos seus provedores. Esta cifra tamén é 20 días inferior ao compromiso que se marcou a Administración autonómica de pagar nun máximo de 45 días.

A conselleira de Facenda presentou hoxe ao Consello da Xunta un informe sobre o balance deste sistema, posto en marcha desde o pasado 26 de febreiro, e salientou que o Goberno galego se anticipou en tres anos á normativa europea establecida para 2013, cando se terán que aboar as facturas nun máximo de 30 días, algo que a Administración autonómica está a facer neste momento.

**A Administración emitirá facturas electrónicas en 2011**

De forma paralela xa se puxo en marcha a segunda fase de implantación do sistema, o que permitirá que no próximo exercicio a Administración poida emitir tamén facturas electrónicas. Para o uso do sistema por parte das empresas porase en marcha a transmisión automática de facturas entre sistemas.

Unha das prioridades da Consellería de Facenda para a presente lexislatura é a mellora dos servizos aos cidadáns para acadar unha Administración próxima, áxil e eficiente. Neste obxectivo enmárcase o Sistema de Facturación Electrónica. Ademais, en poucos meses poderase pór en marcha o Sistema de Licitación Electrónica, no cal xa se está a traballar.

## O PLAN REVIVE COSTA DA MORTE/BERGANTIÑOS MOBILIZARÁ INVESTIMENTOS DE 70 MILLÓNS DE EUROS CO OBXECTIVO DE DINAMIZAR O TECIDO PRODUTIVO E CREAR EMPREGO

- *O plan inclúe subvencións a fondo perdido, préstamos sen xuro e rebaixa nos prezos do solo para favorecer a implantación de novos proxectos nos 19 concellos desta zona*
- *O programa incorpora medidas para apoiar proxectos de mellora da competitividade e iniciativas de novos emprendedores, e un plan específico de promoción e comunicación*
- *Unha das iniciativas deste plan recolle o compromiso de Xestur de rebaixar nun 10% o prezo final das parcelas da nova superficie empresarial do polígono de Carballo*

O Consello da Xunta deu hoxe o seu visto e prace ao Plan de Dinamización Industrial da Costa da Morte, Plan Revive Costa da Morte/Bergantiños, impulsado pola Consellería de Economía e Industria a través do Igape e que ten como obxectivo principal o de converter a zona nun territorio atractivo para novos investimentos destinados a crear riqueza e xerar emprego na comarca. O orzamento do Programa Revive supera os 25 millóns de euros, contando préstamos directos, subvencións a fondo perdido, subsidiación de xuros e rebaixas de prezos de solo industrial público no polígono de Carballo por parte de Xestur, entre outros conceptos.

O plan establece diferentes accións para apoiar o crecemento económico mediante a dinamización da actividade empresarial nos 19 concellos da Costa da Morte e Bergantiños. A área de influencia do Programa Revive inclúe os concellos de Carballo, A Laracha, Malpica, Ponteceso, Cabana de Bergantiños, Coristanco, Laxe, Camariñas, Vimianzo, Zas, Muxía, Santa Comba, Dumbría, Cee, Fisterra, Corcubión, Mazaricos, Carnota e Muros. Constitúe unha aposta polo mundo empresarial en xeral e polos emprendedores, en particular, capaces de desenvolver proxectos e xerar riqueza.

O Programa Revive está deseñado para compaxinar unha serie de medidas novas coa posta en valor das xa existentes para a Costa da Morte e Bergantiños. Todo este conxunto de accións de fomento farán particularmente atractivo este territorio para que os potenciais investidores o teñan en conta á hora de valorar onde radicarán os seus investimentos. O novo programa ten o seu encaixe na política social, económica e territorial do Goberno galego, que busca un crecemento económico equilibrado do territorio, nun marco de artellamento e vertebración conformado a partir da potenciación das oportunidades locais, das súas vantaxes comparativas e das iniciativas empresariais e colectivas.

## O GASTO FARMACÉUTICO BAIXA EN GALICIA DURANTE CINCO MESES CONSECUTIVOS

- *Esta diminución inclúe, por primeira vez, o mes de xullo, un período en que historicamente o gasto farmacéutico tende a crecer*
- *Estes datos reflicten que as medidas adoptadas desde a Consellería de Sanidade co obxectivo de garantir a sostibilidade do sistema sanitario a través do compromiso de austeridade, eficacia e eficiencia do Goberno autonómico están a dar os seus froitos*

A conselleira de Sanidade, Pilar Farjas Abadía, informou hoxe os membros do Consello da Xunta da evolución do gasto farmacéutico en Galicia, que leva cinco meses consecutivos de diminución, incluíndo, por primeira vez, o mes de xullo, un período no que historicamente o gasto farmacéutico tende a crecer. Neste sentido, o Sergas rexistrou un gasto farmacéutico de 75,9 millóns de euros no devandito mes, o que supón un descenso do 5,9% respecto ao ano anterior, cando a factura ascendera a 80,7 millóns de euros.

A conselleira explicou que, no comezo da lexislatura, Galicia ocupaba -respecto aos datos de gasto a través de receita oficial- a última posición na porcentaxe de envases xenéricos prescritos e en gasto/receita respecto ás outras comunidades autónomas. Neste contexto, en xullo de 2009 iniciouse un plan de contención de gasto farmacéutico centrado na posta en marcha dunha serie de medidas que permiten o desenvolvemento das mellores prácticas de prescrición e o bo uso do medicamento, e que buscan a participación e sensibilización de todos os axentes implicados na cadea da prescrición-dispensación do medicamento.

Estas medidas postas en marcha conseguiron cambiar a tendencia dos indicadores de gasto a través de receita oficial, aumentar a prescrición dos medicamentos xenéricos, concienciar os profesionais do uso eficiente dos recursos farmacoterapéuticos e mellorar a seguridade de prescrición electrónica.

Isto, afirmou Farjas, reflicte que as medidas adoptadas desde a Consellería de Sanidade co obxectivo de garantir a sostibilidade do sistema sanitario a través do compromiso de austeridade, eficacia e eficiencia do Goberno autonómico están a dar os seus froitos, e fixo un recoñecemento á implicación amosada polos profesionais e tamén pola poboación en xeral.

### **Medidas específicas**

Así, co obxectivo da diminución do gasto farmacéutico, desde a Consellería e o Servizo Galego de Saúde véñense implementando unha serie de medidas dirixidas aos facultativos, aos farmacéuticos e á poboación xeral, entre as que destacan a Campaña de promoción de medicamentos xenéricos e de baixo custo –con 15 principios activos seleccionados e un aforro real entre xullo de 2009 e xuño de 2010 de 1,48 millóns de euros-; a creación do Observatorio do Bo Uso do Medicamento; o envío de información

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

pormenorizada e periódica ás xerencias de Atención Primaria; a inclusión de indicadores de boas prácticas de prescrición nos acordos de xestión; e a posta en marcha da compra de medicamentos por concurso centralizado.

Ademais, no que se refire ás medidas dirixidas especificamente aos facultativos, cómpre subliñar a creación dunha unidade de apoio á prescrición, que facilita información pormenorizada aos profesionais sobre as posibilidades de mellora da súa prescrición e a realización de cambios de prescrición de marca a principio activo, que desde o mes de xullo de 2010 ten permitido o cambio de 27.663 prescricións, cun aforro real de 835.497 euros. Así mesmo, implantáronse melloras no módulo de prescrición da historia clínica IANUS e incluíronse algoritmos de diagnóstico e tratamento para as patoloxías máis prevalentes.

No que atinxe aos colexios oficiais de farmacéuticos, asinouse un acordo de colaboración específico, renovouse o concerto para a prestación farmacéutica polas oficinas de farmacia, deseñouse un plan de inspección de seguimento e control das oficinas de farmacia na dispensación da receita electrónica, e creouse un grupo técnico de revisión da facturación electrónica. Doutra banda, para a poboación xeral realizouse unha campaña de sensibilización ou promoción de xenéricos nos medios de comunicación.

Os aforros obtidos a través das accións que perseguen conter o gasto farmacéutico e o fomento do bo uso do medicamento permitirán investir noutros ámbitos da sanidade e facilitarán a sostibilidade do sistema sanitario galego. Doutra banda, as mellores prácticas de prescrición, xunto ás actualizacións incorporadas na prescrición electrónica, incrementan a seguridade no emprego dos medicamentos nos pacientes.

A conselleira concluíu o seu informe referíndose ás medidas que a consellería ten en marcha actualmente, como a incorporación do custo do tratamento na folla de medicación activa da e-receita do paciente; a implantación dun asistente para realizar de xeito sinxelo cambios na prescrición polo tratamento máis eficiente; a oferta de cambio centralizado do medicamento de marca a xenérico; a centralización da compra dos absorbentes de incontinencia urinaria; a elaboración e aprobación do Catálogo priorizado de recursos farmacoterapéuticos de uso no Servizo Galego de Saúde; e o inicio dunha sexta fase na campaña de medicamentos xenéricos en outubro de 2010.

## GALICIA REXISTROU NO MES DE XULLO 568.524 VIAXEIROS ALOXADOS NOS ESTABLECEMENTOS REGRADOS DA COMUNIDADE, QUE XERARON ARREDOR DE CASE MILLÓN E MEDIO DE PERNOITAS

- *Estes datos superan nun 13,2% e 8,7% respectivamente as cifras do ano pasado. Os resultados tamén melloran os do Xacobeo 2004, cun incremento do número de viaxeiros do 5,1% e no de pernoitas do 4,2%.*
- *Considerando o acumulado do ano nos establecementos regrados- hotéis, pensións, apartamentos turísticos, acampamentos e turismo rural- as cifras de viaxeiros son superiores ás dos 7 primeiros meses de 2009 nun 12,7% e as de pernoitas nun 8,7%.*
- *A comunidade autónoma é tamén a que maior incremento rexistrou no número de viaxeiros aloxados en establecementos de turismo rural de todo o país durante o mes de xullo. En concreto, produciuse un aumento do 12,20% nos viaxeiros e do 12,66% nas pernoitas en relación ao mesmo mes do ano pasado. Estas subas sitúan os datos deste mes nos máis elevados da década, situación que se repite por terceiro mes consecutivo.*

A Consellería de Cultura e Turismo presentou hoxe ao Consello da Xunta de Galicia o informe oficial sobre a ocupación de aloxamento regrado de Galicia, segundo fontes do *Instituto Nacional de Estadística* (INE). No mes de xullo de 2010 rexistráronse en Galicia un total de 568.524 viaxeiros aloxados en establecementos regrados, cifra que xera un total de case millón e medio de pernoitas. Estes datos amosan unha dinámica moi positiva xa que se superan as cifras de viaxeiros de 2009 nun 13,2% e as de pernoitas nun 8,7%. Melloran, así mesmo, as cifras rexistradas no último ano Xacobeo xa que o volume de viaxeiros se incrementou a respecto de 2004 nun 5,1% e o de pernoitas nun 4,2%.

A forte suba do volume de viaxeiros é unha característica común a todas as tipoloxías de aloxamento. Así, os establecementos hoteleiros rexistraron no mes de xullo o maior nivel de ocupación da oferta regrada e tamén unha maior suba en termos interanuais de catro puntos porcentuais a respecto do ano pasado. Tamén os establecementos extrahoteleiros rexistraron niveis de ocupación que subiron entre un e tres puntos porcentuais en relación a xullo de 2009.

Tendo en conta o conxunto dos sete primeiros meses do ano 2010, rexístranse nos establecementos de aloxamento regrado de Galicia preto de 2.300.000 de viaxeiros e case 5.000.000 de pernoitas, cifras que superan o acumulado ata xullo do pasado ano 2009 nun 12,7 e nun 8,7% respectivamente. Tamén se superan os datos do último Ano Santo nun 5,9% na cifra de viaxeiros e nun 6,2% na cifra de pernoitas.

Se analizamos os datos do acumulado do ano, o incremento no volume de viaxeiros é unha característica común a todas as tipoloxías de aloxamento, sendo especialmente significativo nos hotéis e pensións da comunidade.



**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

No caso dos apartamentos e dos establecementos de turismo rural as subas son superiores ao 12%.

**Establecementos de turismo rural**

Galicia rexistrou no mes de xullo un aumento do número de viaxeiros aloxados en establecementos de turismo rural de Galicia do 12,20% no, e dun 12,66% no caso das pernoitas, en relación ao mesmo período do ano pasado. Estes datos superan tamén, nun 21,3% e nun 27,7% os valores rexistrados no pasado Xacobeo 2004.

Estas subas colocan os datos do mes de xullo de turismo rural nos máis elevados da década, tanto en número de viaxeiros como en pernoitas, circunstancia que se repite por terceiro mes consecutivo.

Nun contexto estatal negativo, cun descenso do conxunto de España superior ao 5% no que atinxe ao número de viaxeiros e de case o 3% no que se refire ás pernoitas, Galicia é a comunidade en que máis creceu o número de viaxeiros e a terceira no tocante ás pernoitas.

En canto á procedencia o 87,7% dos viaxeiros aloxados en establecementos de turismo rural neste mes de xullo son españois, mentres que o 12,3% restante corresponde aos estranxeiros. Ambos mercados incrementaron a súa presenza na nosa comunidade en relación ao ano pasado; en concreto, a demanda nacional subiu un 10,4% e o mercado internacional un 27,2%. En termos de pernoitas a distribución por mercados é semellante (85% corresponde á demanda nacional e 14,4% á estranxeira. No tocante á dinámica respecto do pasado ano a evolución tamén é positiva en ambos mercados, cunha suba do 6,36% no segmento nacional e do 74% no estranxeiro.

No que respecta ao acumulado do ano, que abrangue de xaneiro a xullo, o aumento foi do 10,3% do total de viaxeiros aloxados en establecementos de turismo rural en relación ao mesmo período do ano pasado, e do 17% en comparación cos sete primeiros meses de 2004. Estas cifras son tamén as máis elevadas de toda a década considerando este amplo abano temporal.

A dinámica contrasta co observado a nivel nacional, pois o conxunto de España rexistrou un descenso acumulado do volume de viaxeiros do 2,5% en relación a 2009. Nese contexto, Galicia presenta o segundo maior incremento das comunidades autónomas, por debaixo de Navarra.

As pernoitas en turismo rural incrementaron un 6,6% en relación ao sete primeiros meses do 2009 e un 15,8% en comparación co Ano Santo 2004.



**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

Esta dinámica positiva débese ao comportamento do mercado nacional e estranxeiro, que rexistraron subas do seu volume de viaxeiros, nun 9,54% e nun 16,19% respectivamente.

**Acampamentos**

En canto aos cámpings de Galicia no período xaneiro-xullo rexistrouse un incremento do 11,6% respecto ao mesmo período do ano pasado, sendo a comunidade que experimenta a maior suba no tocante aos viaxeiros, mentres que as pernoitas se situaron nun 1,5% máis.

A forte suba do volume de viaxeiros responde ao bo comportamento tanto da demanda nacional, cunha suba do 8,3%, como do mercado internacional, que medrou un 32,20%

No mes de xullo rexistrouse nos acampamentos de Galicia un aumento do 15,7% no que atinxe aos viaxeiros aloxados durante o mes de xullo deste ano en relación ao do 2009, e un incremento do 6% no que respecta ás pernoitas. O comportamento é tamén, neste grupo, máis positivo que o observado no conxunto estatal, onde o número de viaxeiros caeu lixeiramente (un 0,9%) e a suba das pernoitas quedou nun 1,4%.

En canto á procedencia, o 78,2% son nacionais, segmento de mercado que rexistrou un incremento do 11,8% en relación ao pasado ano, en consonancia co observado no mercado estranxeiro, que no mes de xullo rexistrou unha suba do 32,3%.

**Apartamentos turísticos**

Na categoría de apartamentos Galicia rexistrou no período xaneiro-xullo deste ano un aumento do número de viaxeiros aloxados en apartamentos turísticos do 4,5%, mentres que as pernoitas caeron medio punto porcentual. Así e todo, obsérvase un claro incremento na conxuntura en relación co Ano Santo 2004, de xeito que case se dobra o volume de viaxeiros e se incrementa nun 58% o das pernoitas.

No mes de xullo Galicia rexistrou un incremento case paralelo no caso dos viaxeiros e das pernoitas, cun 10,4% e un 12,1% máis en relación ao mesmo mes do ano pasado, que son as máis altas da década. En ambas as variables supéranse amplamente as cifras do anterior Ano Santo.